



## DECLARACIÓN DA AGAT POLA MELLORA E A EQUIDADE DA ATENCIÓN TEMPERÁ EN GALICIA

O 16 de xuño é un día para examinar o cumprimento en Galicia deste dereito que a sociedade recoñece á infancia mais vulnerable e as súas familias. O dereito á recibir unha Atención Temperá de calidade guiada por dispositivos profesionais que contan coa imprescindible formación especializada e transdisciplinaria, competentes e comprensivos. O dereito a recibir esta Atención Temperá de forma equitativa na proximidade da casa e da escola sen que o código postal, a escasez ou ineficiencia da financiación pública poidan dar lugar a unha provisión discriminatoria ou demorada.

Nos últimos anos, a partir da publicación do Decreto 183/2013 polo que se crea a Rede de Atención Temperá, comezou a desenvolverse en Galicia un sistema profesional de apoio á infancia 0-6 con problemas no desenvolvemento. A rede actual conta con 39 servizos comunitarios que chegan a 168 concellos e 7 unidades hospitalarias que cubren as respectivas áreas sanitarias. **Pero este avance está a verse embazado pola deficiente planificación dos servizos que está a provocar MOITAS DESIGUALDADES E MOITA INESTABILIDADE.** Resulta incompreensible que haxa concellos de Galicia que reciban vinte veces mais cartos por cativo/a que outros para a provisión do servizo, que haxa concellos con atención frecuente e sen demoras mentres que noutros hai listas de espera de meses e situacións de saturación asistencial. Que se permita a discontinuidade do servizo e da prestación. Que non se unifiquen as condicións de exercicio profesional.

**Neste 16 de xuño, AGAT solicita** as administracións autonómicas e locais, á Xunta de Galicia, ao Consello Autonómico de Atención Temperá, á Federación Galega de Municipios e Provincias, ás entidades sociais da discapacidade e a infancia, ao CERMI, á Plataforma de Organizacións de Infancia, as asociacións e colexios profesionais, **UN ESFORZO CONXUNTO POLA MELLORA E A EQUIDADE DA ATENCIÓN TEMPERÁ EN GALICIA.**

**Neste 16 de xuño, AGAT reitera a necesidade de PLANIFICAR e DIMENSIONAR** a provisión dos servizos conforme a criterios técnicos así como **ESTABILIZALOS E DOTALOS DA NECESARIA CONTINUIDADE** mediante a xestión directa ou concertada plurianual, modificando o sistema actual de convocatorias anuais e pechando a posibilidade de licitación baixo criterios de aforro económico e non de calidade dos servizos.

**Xuño 2022**